

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUISTICA 2024- 2027

INDICE

1. PRESENTACIÓN DA ENTIDADE	
1.1. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADEPAX 3
1.2. TRAXECTORIA DA ENTIDADE PAX 3
1.3. PRINCIPAIS PROXECTOS E SERVIZOS DESENVOLVIDOSPAX 3
1.4. RECURSOS DA ENTIDADEPAX 4
2. O PROXECTO PRESENTADOPAX 5
2.1. IDENTIFICACIÓN DO VOLUNTARIADO NA ENTIDADEPAX 5
2.2. FORMULACIÓN DO PROGRAMAPAX 6
• OBXECTIVOS	
2.3. AREAS DE INTERVENCIÓNPAX 8
2.4. EXECUCIÓN DO PROXECTOPAX 11
A. CAPTACIÓN	
B. ACOLLIDA	
C. INCORPORACIÓN DO VOLUNTARIADO	
D. DESVINCULACIÓN DO VOLUNTARIADO	
2.5. SEGUIMENTOPAX 17
2.6 EVALUACIÓNPAX 18
2.7 RECURSOS HUMANOSPAX 19
ANEXOS	
I. COMPROMISO DE COLABORACION ENTRE O VOLUNTARIO E A ASOCIACION.	
II. FICHA DE MODELO DE VOLUNTARIADO	
III. EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DO VOLUNTARIADO.	

1. PRESENTACION DA ENTIDADE

1.1. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE:

NOME: ASOCIACION GALEGA CONTRA A FIBROSE QUISTICA, AGFQ.

CIF: G15088396

NÚMERO DE REXISTRO DE ENTIDADES: E-104

DIRECCIÓN. A sede social da asociación encontrase na cidade de A Coruña, C/Solis, s/n (Eirís de Arriba) código postal 15009, a delegación con sede en Vigo encontrase en Navia, avenida de Teixugueiras nº 15 código postal 36212.

1.2 TRAXECTORIA DA ENTIDADE:

A fibrose Quística é unha enfermidade crónica, hereditaria, non contaxiosa e dexenerativa que representa un grave problema de saúde que se transmite de pais a fillos xeneticamente, afecta principalmente os pulmóns e o sistema dixestivo.

Nace no ano 1985 coa súa creación pretendese dar apoio e información as persoas con Fibrose quística e as súas familias de FQ en Galicia. Como asociación estamos federados coa Federación española de fibrose quística, con FEGEREC (Federación galega de enfermidades raras e crónicas) e con unha asociación de ámbito territorial, o GAEC.

Actualmente, consta de mais de cento setenta socios repartidos polas 4 provincias da Comunidade Galega, tales como socios con Fibrose Quística, familiares e persoas sensibilizadas coa causa.

1.3 PRINCIPAIS PROXECTOS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS:

Neste momento a Asociación conta cos seguintes servizos algúns de carácter propio e outros de carácter alleo.

SERVICIOS PROPIOS:

1. **TRABALLO SOCIAL.** Horario: Luns a Venres de 9.30 a 14.00hs (martes de 15.30 a 19.00 e mércores de 15:00 a 16.30 horas). Lugar: en a Coruña, Eiris de Arriba, c/ Solis s/n.
Tarefas: xestións administrativas, preparar documentación relacionada con subvencións e as súas correspondentes xustificacións, información sobre os servizos dispoñibles, aportación de documentación sobre a enfermidade, derivacións, busca de recursos, reunións, información a prensa escrita, as televisións, etc.
2. **FISIOTERAPIA RESPIRATORIA A DOMICILIO:** Horario de luns a venres de 10:00 a 14.00hs. Tarefas: a fisioterapia respiratoria consiste nunha serie de técnicas destinadas a limpeza bronquial, co fin de evitar a acumulación da mucosidade nos bronquios e previr a infección. Este servizo é levado a cabo no domicilio do paciente.

SERVIZOS ALLEOS: FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FIBROSIS QUISTICA:

1. FISIOTERAPIA A DOMICILIO: da servizo a zona de Coruña e unha vez o mes trasládase a provincia de Pontevedra para atender os usuarios de toda a provincia dende Vigo a Vilagarcía, Cangas etc.
2. TRABALLO SOCIAL: a través dunha aportación económica da FEFQ temos unha traballadora social na sede de Vigo para atender as persoas con fibrose quística desta zona, dous días a semana en horario de tarde os martes e xoves de catro a oito.

SERVIZOS ALLEOS: FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS CRONICAS.(FEGEREC) FISIOTERAPIA: a través de FEGEREC existe un convenio de colaboración coa clínica de fisioterapia de Nigrán (Pontevedra) no que as persoas con FQ que así o requiran poderán acudir cuns prezos reducidos aportando unha parte do custo o usuario e a outra parte FEGEREC.

2. O PROXECTO: Programa de voluntariado da Asociación Galega de FQ.

2.1. IDENTIFICACIÓN DO VOLUNTARIADO DA ENTIDADE.

A efectos de la lei 10/2011 do 28 de novembro de acción voluntaria ten a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.

- Se recoñece como persoas voluntarias, con todos os dereitos e obrigacións recollidas na presente lei, as persoas que sen estar adscritas a entidades de acción voluntaria colaboren en programas de acción voluntaria especificamente organizados polas administracións públicas no ámbito das súas competencias.
- As persoas menores de idade poderán participar en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados os seus características, mediante autorización expresa dos seus pais, titores o da institución que os teña a cargo, con respecto en todo caso a vontade do menor.
- A condición de persoal voluntario e compatible coa condición de socio ou membro da entidade e coa de coordinar de programas ou proxectos de voluntariado, sempre e cando o cargo non sexa retribuído.
- A condición de persoa voluntaria e incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de acción voluntaria en que se integre, cúa natureza, contido e obxecto poidan ter relación cos propios da actividade voluntaria.

A persoa que se incorpora voluntariamente a entidade debe ser unha mais, aportando e cumprindo o compromiso que adquiriu:

- A participar: respectando os fins e normativa da organización, participando na formación impartida pola entidade e colaborando na planificación e avaliación das actividades.
- Coa calidade: actuando de forma dilixente, responsable e solidaria; seguindo as instrucións do profesional responsable do programa e cumprindo as normas establecidas pola organización.
- A implicarse: cumprindo as funcións as que comprometeu coa entidade, gardando confidencialidade dos datos e información que manexe e respectando os usuarios do programa e o resto de persoas que formen parte de el (profesionais e/o voluntarios).

FORMULACIÓN DO PROGRAMA.

O voluntariado é un importante factor de desenvolvemento persoal pero, sobre todo, é un imprescindible motor de desenvolvemento social.

Por un lado, fai posible a participación cidadán e, por outro, contribúe a mellora da calidade de vida da sociedade, defende os intereses de persoas e grupos en situación de desvantaxe social, colabora na satisfacción de necesidades sociais e xenara con valentía e orixinalidade propostas de mellora.

O compromiso que adquire o voluntariado xa non é unicamente co servizo ou co programa no que participa senón, sobre todo, coa persoa con discapacidade e/o coa súa familia. A persoa voluntaria presta apoios en calidade de vida, que son substancialmente diferentes dos apoios dun profesional.

O obxectivo da acción voluntaria é contribuír a que o proxecto de vida da persoa con discapacidade se desenvolva e aumente a súa calidade de vida: fomentando a súa autodeterminación e as súas capacidades, ou establecendo unha relación significativa con ela, ou facilitando a súa inclusión social.

É necesario ter claro que o voluntariado non está para cubrir servizos, senón para contribuír, dende un lugar distinto e aportando de forma diferente os profesionais, a que a persoa con discapacidade e a súa familia melloren a súa calidade de vida. A entidade ha de transmitir o voluntariado os seus valores, os valores da Asociación de Galega de Fibrose Quística e establecer un compromiso continuo coa persoa voluntaria, acompañándolle a vez que está apoiando a persoa con discapacidade.

Dende a Asociación galega de fibrose quística moitas das xornadas que se fan o longo do ano non poderían ser levadas a cabo senón fora polos voluntarios, o longo dos anos nos teñen axudado a que Asociación poida realizar os actos que leva a cabo, tales como:

Xornadas de concienciación, sensibilización, mesas e charlas para dar información sobre a enfermidade, realización de visitas as persoas hospitalizadas de longa duración debido a súa enfermidade e que non teñen apoio familiar, apoio nas mesas de captación de fondos...etc.

Por iso crese necesario facer un plan de voluntariado e inscribirse no rexistro de acción voluntaria de Galicia.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

Contribuír a mellora da calidade de vida das persoas con fibrose quística.

Obxectivos específicos:

- Contribuír a mellora da integración social das persoas.
- Consolidar a rede de persoas voluntarias da zona de Galicia
- Proporcionar apoios as persoas con fibrose quística e as súas familias.
- Potenciar a participación da cidadanía en tarefas de voluntariado en beneficio das persoas con fibrose quística.
- Promover a participación voluntaria nos proxectos da entidade e crear actividades de promoción e desenvolvemento do voluntariado orientadas a incorporación eficiente e desenvolvemento das capacidades das persoas voluntarias.
- Contribuír o coñecemento, estudo e asistencia da patoloxía a través de programas de sensibilización e visibilidade.

DURACIÓN:

O proxecto desenvolverase dende xaneiro do 2024 ata decembro do 2027, revisando o programa para o ano 2025 os obxectivos e modificando o que se crea convinte para elaborar un novo plan.

2.2. ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO VOLUNTARIADO:

A. SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN:

DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES que se realizarán nesta área.

➤ **Participación en xornadas de concienciación, sensibilización e visibilidade**

A Fibrose Quística é unha seria enfermidade crónica, que como tal afecta non solo o individuo senón tamén a todo o núcleo de convivencia. Existe unha problemática a varios niveis nos que se destaca a falta de información da enfermidade, o seu proceso, consecuencias, tratamento, o descoñecemento dos recursos sociais a os que teñen dereito, dificultades na interacción familiar, sentimentos de culpabilidade e angustia por parte dos pais, exceso de sobreprotección, absentismo escolar como consecuencia dos frecuentes ingresos hospitalarios, desorientación e incerteza na proxección da vida laboral e socio-familiar nos adultos con FQ.

Por todo isto o que se pretende é concienciar e sensibilizar a poboación sobre a situación e necesidades dos pacientes que sofren FQ e eliminar desigualdades para de esa maneira mellorar a calidade de vida dos afectados.

Os obxectivos:

- Son dar a coñecer a fibrose quística.
- Informar acerca dos síntomas da enfermidade para unha detección tempéрана.
- Informar das dificultades do colectivo e das súas necesidades.

As actividades que se realizan son:

- Participación en feiras, movementos, actos en pro do asociacionismo.
- Realización de campañas de normalización.
- Publicación do día nacional
- Se publicación da revista de FQ que é repartido a socios, profesional e entidades do ámbito da deficiencia e da saúde.
- Organización de grupos para charlas
- Posta en contacto con colexios e interesados no tema para realizar actos de sensibilización e difusión.



B. INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO

Actividades a desenvolver nesta área:

➤ **Participación en charlas de información sobre a fibrose quística.**

Debido a falta de información sobre a fibrose quística, organízanse eventos, charlas e xornadas sobre este enfermidade para manter informado o paciente de fibrose quística e as súas familias, calquera novidade en relación a investigación ou novas sobre tratamentos novedosos organízanse eventos para dar a coñecer estas novas.



As actividades por parte do voluntariado serán a participación na organización do evento na medida do posible, a súa asistencia e considerada parte da súa formación.

➤ **Apoio nas mesas de captación de fondos.**

Este tipo de actividades se realizar con iniciativa solidaria para conseguir recadar fondos que axudarán a soste os servizos de fisioterapia respiratoria e atención social tan importantes para esta persoas.



C. ATENCIÓN PSICOSOCIAL:

➤ Acompañamento hospitalario en pacientes ingresados con FQ.

O que se pretende é crear un sentimento de apoio e reforzo a aqueles pacientes e familiares que se encontran hospitalizados e que non teñen apoios por parte da familias debido a circunstancias laborais ou persoais. A través de visitas os pacientes ingresados por FQ, buscando proximidade coa persoa e captando posibles carencias na atención sanitaria e social.

O voluntario servirá de apoio e acompañamento naqueles casos que así o requiran e sexan de extremada urxencia polo deterioro da persoa e a escaseza de medios familiares ou económicos.

- Tarefas a desenvolver:
 - Proporcionar apoio e acompañamento as persoas ingresadas no hospital.
 - Aproximación a familias con fibrose quística en momentos de dificultade.
 - Observación de situacións familiares difíciles para a posterior intervención do traballador social, si procede.

2.3. EXECUCIÓN DO PROXECTO: Xestión e metodoloxía a seguir.

A. CAPTACIÓN

Para facer unha captación de voluntarios imos empregar os diferentes métodos:

- Cara a Cara: levarase a cabo directamente polo voluntariado xa comprometido ou polo persoal contratado.

- Redes de Voluntariado: a través da información as diferentes plataformas e federacións de voluntariado a nivel territorial e estatal, como canles de captación de voluntariado.
- Medios de comunicación audiovisuais (radio, televisión):.
- Medios de comunicación escritos (prensa, revistas, etc.): solen ser moi efectivos ensartando anuncios,.
- Carteis e folletos: é un bo elemento na captación, aínda que non ten tan bos resultados como os anteriores.
- Outras intervencións públicas (Charlas, conferencias, cursos, etc.)
- Correo: enviando información mediante mailing.
- Internet: a través da paxina web da Asociación.

O longo dos anos os principais voluntarios da entidade foron os propios socios da Asociación, colaboran e participan nas actividades algunhas veces como usuarios da entidades e outras como voluntarios.

Outro dos canles de captación son os familiares e amigos dos afectados: son persoas moi sensibilizadas co tema da fibrose quística e coñecen de cerca os problemas que esta conleva. Son voluntarios moi comprometidos e válidos, pola implicación persoal que lles une a entidade.

B. ACOLLIDA

O proceso de acollida debe cumprir unha serie de obxectivos para que a mesma sexa efectiva:

Primeiro que sirva para informar as posibles persoas voluntarias que é a nosa organización, dos programas que realiza e das tarefas que desenrolaría en caso de incorporación.

Segundo debe obterse información sobre as actitudes, aptitudes, motivacións e intereses do posible voluntario/a.

Terceiro debe permitir a incorporación da persoa a tarefa mais adecuada o ben o aprazamento da súa incorporación ou a non incorporación.

No proceso de acollida quen se encargara, cando e como se realizará será o responsable do voluntariado territorial desa provincia, neste caso un designado para a provincia de Coruña e Lugo situado na sede da Asociación en A Coruña e outro para as provincias sur de Galicia, Ourense e Pontevedra situado na delegación de Vigo, Pontevedra.

O procedemento será a través dunha **entrevista**, os obxectivos serán:

- Reunir información sobre o entrevistado, o que axudará a estimar cal é o lugar mais idóneo para a súa incorporación.
- Determinar se a personalidade do entrevistado adaptárase a das persoas co as que colaborará e a organización.

- Decidir unha proposta sobre as tarefas que, potencialmente, pode realizar.
- Pola súa parte, a persoa interesada mediante a entrevista poderá presentarse ante a organización, recadar información xeral sobre a entidade, responder dúbidas e tomar unha decisión sobre a súa incorporación.

Unha vez entrevistadas e informadas as persoas candidatas, a coordinadora do voluntariado en cada delegación orientará a persoa voluntaria a participar nun proxecto u outro dependendo do seu perfil, dispoñibilidade, intereses e preferencias, así como das necesidades de incorporación de persoas voluntarias os Proxectos de Intervención activos o posibles.

Esta orientación poderase realizar en grupo ou mediante unha entrevista persoal.

Cando vaia a comezar de unha maneira efectiva a colaboración e previamente o inicio da formación, procederase a firma do “Acordo de colaboración” e dar de alta no seguro de voluntariado. Neste momento o candidato convertese en Persoa Voluntaria

O Acordo de colaboración. (Ver Anexo I)

A incorporación das persoas voluntarias formalizarase por escrito mediante un “Acordo de Colaboración” no que se determinarán o carácter altruísta da relación no que se detallará:

- Os fins e obxectivos da organización na que se integra.
- conxunto de dereitos e deberes, conforme a lei 10/2011 do 28 de novembro de acción voluntaria.
- contido das funcións, actividades e tempo de dedicación o que se compromete a persoa voluntaria.
- A formación requirida para o desenvolvemento das actividades encomendadas.
- A duración do compromiso, as causas e formas de resolución deste polas dúas partes.

Unha vez realizado o acordo se lle facilitará a persoa voluntaria:

- Copia do acordo de colaboración firmado.
- Información precisa sobre a Póliza do Seguro que a entidade ten contratada.
- Identificación como persoa voluntaria da AGFQ.
- Compensación de gastos: Nos casos no que o desempeño da tarefa teña gastos, se lle informará a persoa voluntaria do procedemento a seguir para a compensación de gastos.

O proceso de Formación Toda persoa voluntaria ten o dereito e o deber de formarse, así como de capacitarse dentro da organización para poder desenvolver a súa actividade o mellor posible.

Os obxectivos da formación son os seguintes:

- Facilitar o coñecemento e información da enfermidade.
- Proporcionar información sobre o contexto de traballo de la acción voluntaria.
- Fortalecer as relacións entre os profesionais e os voluntarios

Na formación se traballarán os seguintes contidos formativos:

- Misión, visión, valores e fins da entidade.
- Servizos que presta a Asociación Galega de Fibrose Quística.
- Persoa voluntaria: definición, dereitos, deberes, regulación...
- Proxectos de Intervención das persoas voluntarias.
-
- Formación en protección de datos persoais.

C. INCORPORACIÓN DO VOLUNTARIO

Unha vez asinado o compromiso co voluntariado incluíranse os datos na base de datos ou rexistro de voluntariado e emitírase a identificación correspondente, carné de voluntariado, que lle facilite o exercicio da súa actividade ante os organismos pertinentes (**ver anexo III**).

A persoa voluntaria é incorporada na acción da entidade, no equipo de voluntarios e profesionais en función da actividade para desempeñar.

A entidade conta cunha base de datos dos voluntarios e cada vez que se organiza unha actividade, a responsable do voluntariado informa a todos eles da devandita actividade e das persoas que se necesitan. Cada voluntario decide se quere ou pode participar e así se van cubrindo as necesidades de cada unha das actividades.

Mantense un contacto fluído e continuo entre os voluntarios e a responsable vía e-mail ou telefónica, facéndolles partícipes da toma de decisións da asociación e informándolles de calquera nova da entidade para que así os voluntarios se sentan máis implicados e comprometidos.

Tanto os voluntarios como a entidade, comprométese a que se cumpran os dereitos e deberes dos voluntarios, que son os seguintes:

Dereitos das persoas voluntarias

- Seren tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Seren informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- Dispoñeren dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.

- Recibiren das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria na que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais, que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.
- Participaren activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, consonte os seus estatutos, colaborando na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas nos que participen.
- Acordaren libremente coa entidade de acción voluntaria na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.
- Estaren aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- Seren reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade na que se integren.
- Recibiren certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- Obteren o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- Renunciaren libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

Deberes das persoas voluntarias.

- Realizaren a súa actividade consonte os principios establecidos na lei.
- Observaren as medidas de saúde e seguranza que se adoptasen.
- Gardaren a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- Actuaren de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria.
- Participaren nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.

- Respectaren os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- Cumpriren os compromisos adquiridos coa entidade na que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.
- Rexeitaren calquera contra prestación que poidan recibir pola súa actividade.
- Utilizaren debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integren, así como procederem á súa devolución cando finalicen a actividade.
- Coidaren e faceren bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- Notificárenlle á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade na que participen.

D. DESVINCULACIÓN DO VOLUNTARIADO.

Existen moitos factores que fan que a relación do voluntario coa entidade finalice:

- Perdida do interese por parte do voluntario.
- Falta de tempo libre por parte do voluntario.
- Falta grave por parte do voluntario que faga que a entidade considere a esa persoa non válida.
- E en xeral o incumprimento por algunha das partes dos dereitos e deberes do voluntario.

Firmarase unha rescisión do contrato de voluntariado e se dará por finalizada a relación da entidade co voluntario en cuestión, dando de baixa nos rexistros e no seguro de voluntariado, quedando sempre agradecida a entidade pola súa labor acometida durante o tempo que pertenceu a ela.

Se facilitará unha certificación da experiencia voluntaria, do aprendizaxe da persoa voluntaria e valorará o seu grao de satisfacción e a súa experiencia tratando de identificar fundamentalmente posibles aspectos de mellora.

2.4. SEGUIMIENTO

Con o seguimento buscamos conseguir un mellor desempeño das súas tarefas e unha mellor integración na organización, tanto no equipo ou grupo de voluntariado como nos programas ou proxectos concretos. É importante non confundir o seguimento coa persecución, anticipándonos ás súas experiencias ou adiantándonos na proposta de solucións.

Así, co seguimento como acompañantes do voluntariado buscamos

- Coñecer mellor ás persoas do noso equipo
- Coñecer e reconducir as súas motivacións
- Orientar e axudar a consolidar a tarefa e intervención de cada persoa
- Previr situacións problemáticas ou conflitivas
- Identificar a formación para realizar

O que se propón, por unha banda, e a elaboración de informes cuatrimestrais en cada unha das sedes territoriais neste caso en Coruña é en Pontevedra, que permitan a toma de decisións a curto prazo, a partir da recollida e análise de información crave sobre cada un dos procesos nos que se articula o sistema operativo (Captación, Acolida, Incorporación e Seguimento). Estes informes posibilitan o manexo de continxencias e a resposta conxuntural aos desaxustes detectados no desenvolvemento dos procesos.

Doutra banda, unha vez completo o ciclo da xestión do voluntario, é posible elaborar un informe anual territorial que, ademais de conter un resumo dos informes cuatrimestrais, recolla información obtida nos sistemas de seguimento (medición semestral), do grao de satisfacción dos voluntarios, resumo das respostas a imprevistos e actuacións non planificadas que tiveron lugar durante o ano.

ALGUNAS ACCIONES DE SEGUIMIENTO A LO LARGO DE LA TRAYECTORIA DE LA PERSONA VOLUNTARIA EN LA ENTIDAD	
ACCIÓN	OBJETIVOS
Entrevista inicial (a los 3-4 días de la incorporación)	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar la acogida inicial. • Contar con primeras impresiones sobre la llegada a la entidad. • Resolver dudas iniciales.
1ª entrevista de seguimiento (a las 3-4 semanas de la incorporación)	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar el ajuste inicial de expectativas personales y organizativas. • Valorar la integración y la acogida del equipo. • Detectar posibles dificultades y inquietudes.
Entrevista anual de seguimiento	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar la estancia en la organización y cómo se siente la persona en ella. • Concretar aspectos organizativos que deberían ser mejorados: formación, actividades, etc. • Concretar aspectos personales que pueden mejorarse: actitudes, formas de llevar a cabo actividades, etc.
Reuniones informales mensuales de seguimiento	<ul style="list-style-type: none"> • Dar apoyo en las posibles dificultades cotidianas. • Fomentar la relación con el resto del equipo de voluntariado. • Llevar a cabo un seguimiento de la evolución de las motivaciones.

2.5. EVALUACIÓN

A avaliación será levada a cabo polas dúas traballadoras sociais da asociación, coordinadoras do voluntariado, unha desde Coruña e outra desde Vigo, que serán as encargadas de facer o seguimento ao longo de todo o programa e verificar o cumprimento dos obxectivos que se pretende, analizar a evolución das actividades, os progresos das persoas beneficiarias, así como as dificultades e necesidades.

Preténdese que se reúnan trimestralmente, as dúas traballadoras sociais das respectivas provincias para así sopesar os obxectivos e os resultados.

Elabóranse fichas de recollida de datos das persoas beneficiarias das actividades e tamén dos voluntarios, realizaranse cuestionarios de avaliación e satisfacción.

Finalmente realizarase unha avaliación dos resultados e valoración das resolucións das incidencias se as houberse xunto con todos os profesionais implicados no programa.

Os voluntarios do programa tamén poderán facer as súas propias achegas e poderase mellorar todo aquilo que sexa necesario.

Os voluntarios do programa pasarán un cuestionario de satisfacción cada catro meses e cando terminen a súa labor como voluntario para avaliar o seu grao de satisfacción.

Identificaremos de maneira gradual e sistemática, os alcances, logros, obstáculos e limitacións que se presentan, así tamén, propoñeremos accións correctivas para modificar, reestruturar ou reorientar o rumbo do proceso. Determinaremos os cambios que se pretenden buscar e porqué, como e en que medida realizaranse.

Tamén elaboramos sistemas de indicadores, que nos permiten avaliar as actividades levadas a cabo e a consecución de obxectivos, tales como:

- Nº de voluntarios captados.
- Nº de voluntarios que participaron nas actividades de sensibilización.
- Nº de voluntarios que participaron en campañas de difusión, charlas, conferencias.
- Nº de voluntarios que participaron nas mesas de captación de fondos.
- Nº de voluntarios que participaron nos acompañamentos hospitalarios.
- Nº de atencións totais realizadas por parte do voluntariado.
- Porcentaxe superior o 80% de grao de satisfacción por parte do voluntariado.
- Nº de voluntarios que seguen pertencendo o programa o longo do tempo.

2.6. RECURSOS HUMANOS

Dúas responsables territoriais unha pertencente a área de Pontevedra e Ourense situada na oficina de Vigo, Navia en Pontevedra e outra que abarcara a zona de Lugo e Coruña, situada na rúa Solís, en A Coruña.

As funcións por parte das responsables do voluntariado serán:

- Fixar obxectivos para o voluntariado
- Planificar as accións do ciclo de xestión do voluntariado
- Organizar as tarefas do voluntariado
- Labores de comunicación co voluntariado e resto de grupos de interese
- Fomentar o desenvolvemento do voluntariado
- Motivar o voluntariado
- Seguimento do voluntariado
- Avaliación das accións e obxectivos planeados
- Elaboración de memorias de actividades
- Planificación do itinerario formativo
- avaliación accións formativas
- Acudir a cursos, xornadas, congresos de voluntariado, etc.
- Impartir charlas, cursos, comunicacións, etc. sobre o voluntariado
- Elaboración do Plan de Voluntariado e outros documentos estratéxicos

ANEXO I

COMPROMISO DE COLABORACIÓN A PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

Dunha parte, AGFQ (Asociación Galega de Fibrose Quística) con CIF G15088396 no seu nome e representación, D^a/ D.: Juan Antonio Da Silva Irago , maior de idade, con D.N.I. nº 36166549S, en calidade de Presidente da ASOCIACIÓN na que se vai desenvolver a actividade de voluntariado con número de rexistro: _____,

Doutra parte, D^a / D. _____ nado o día _____, con nº de D.N.I.: _____, con domicilio en _____.

Todas as partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente COMPROMISO DE COLABORACIÓN, aos fins do cal.

MANIFESTAN:

I.- A ENTIDADE e A ASOCIACIÓN está constituída con personalidade xurídica propia, e ten como obxectivos e fins coordinar e promover a defensa das persoas con fibrose quística de cara a conseguir a plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade.

Para a consecución deses fins, a AGFQ establece programas de voluntariado de cara a fomentar a participación activa das persoas con discapacidade.

II.- A PERSOA VOLUNTARIA está interesada en colaborar de maneira altruísta no marco dalgúns dos programas de voluntariado da ASOCIACIÓN.

III.- Para formalizar as relacións que ambas as dúas partes queren establecer, dando cumprimento ó disposto no artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (D.O.G., do 21 de decembro do 2011); é polo que se realiza o presente COMPROMISO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Carácter altruísta da relación:

A colaboración que preste a PERSOA VOLUNTARIA en calquera dos programas da ASOCIACIÓN terá un carácter totalmente altruísta e gratuíto, sen que deveña ningún tipo de contra prestación de carácter retributivo.

En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, mercantil ou calquera outra retribuída.

Segunda.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria:

1. A PERSOA VOLUNTARIA ten os seguintes dereitos:
 - a) Seren tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
 - b) Recibir a orientación, formación e apoio necesarios para o exercicio da súa actividade.
 - c) Seren informadas e formadas, e a desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
 - d) Dispoñeren dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
 - e) Participar activamente na AGFQ, de acordo cos seus estatutos e normas de actuación.
 - f) Acordaren libremente coa entidade na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.
 - g) Estar aseguradas mediante póliza polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade voluntaria.
 - h) Recibiren certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.

i) Seren reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos acordados coa asociación.

j) Cesar libremente na súa condición de persoas voluntarias.

2. A PERSOA VOLUNTARIA ten as seguintes obrigas:

a) Realizaren a súa actividade consorte os principios establecidos na lei.

b) Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade, respectando os seus fins e normativa.

c) Gardaren a debida confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento a súa acción voluntaria.

d) Rexeitar calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade.

e) Respectar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren. Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria.

f) Participaren nas actividades formativas previstas pola asociación que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.

g) Cumpriren os compromisos adquiridos coa entidade na que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa.

h) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da asociación.

i) Respectar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.

Terceira.- Deberes da Entidade:

A ENTIDADE comprométese coa persoa voluntaria, a:

a) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento da asociación.

b) Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.

- c) Subscribir unha póliza de seguro, que cubra os riscos derivados da acción voluntaria.
- d) Cubriren os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.
- e) Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas ás persoas voluntarias e facilitar a participación destas na elaboración, no deseño, na execución e na avaliación dos programas nos que interveñan.
- f) Proporcionarlle a formación específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
- g) Garantirle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- h) Facilitarlle unha acreditación que lle habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- i) Expediren, logo da solicitude de persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria e en función do pedimento da persoa interesada, remitir unha copia desta certificación ao Rexistro de Acción Voluntaria.

Cuarta.- Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria:

As funcións e actividades que levará a cabo serán as seguintes:

Quinta.- Tempo de dedicación que se compromete a realizar A PERSOA VOLUNTARIA:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración conforme o seguinte calendario:

Sexta.- Proceso de formación requirido:

A PERSOA VOLUNTARIA adquirirá a formación necesaria dentro da asociación, asistindo aos cursos e/ou actividades que esta vaia establecendo.

Sétima.- Duración do compromiso:

O presente acordo terá unha duración indefinida. Calquera das partes poderá deixalo sen efecto, debendo comunicar a súa decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para o que recibe a comunicación.

E, en proba de conformidade, asínase as partes intervinentes en _____ a _____
de _____ do 20.....

ANEXO II

FICHA DE VOLUNTARIO

ASOCIACIÓN:

PROVINCIA:

DATA INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN:

DATOS PERSONAIS:

Nome e apelido:

D.N.I.: Persoa con discapacidade: SI NON

Tipo:

Idade: Data de nacemento:

Sexo: muller home

Dirección:

C.P.: Localidade: Provincia:

Telefono de contacto: Outro:

Correo electrónico:

Carne de conducir: (Tipo) Vehículo: SI NON

FORMACIÓN ACADÉMICA:

Estudos rematados Estudante

Formación:

Sen estudos Primarios E.X.B.
 E.S.O. Bacharelato F.P. ciclo medio
 F.P.ciclo superior Universidade Outros

SITUACIÓN LABORAL:

Encontrase en situación de desemprego Traballa de forma remunerada

DISPOÑIBILIDADE:

Horario dispoñible: Mañás Tardes Fin semana Outros (especificar)

Duración: Puntual Proxecto Ano natural

Días de voluntariado:

Total horas de voluntariado:

ASPECTOS DA PERSONALIDADE:

¿Cómo se definen? Aficións, gustos,...

EXPERIENCIA ASOCIATIVA E/OU EN VOLUNTARIADO:

Se participou anteriormente como voluntario en actividades comunitarias ou en organizacións, ONG's, (indicar a entidade e tarefas).

Se pertence actualmente a algunha asociación indicar cal:

FORMACIÓN EN VOLUNTARIADO:

Recibiu algún tipo de formación respecto ó voluntariado: SI NON

En caso afirmativo: Formación básica Formación específica

ACTIVIDADES NAS QUE LLE GUSTARÍA PARTICIPA:

- Realización estudios/Investigación
- Apoio na organización de eventos (xornadas, actividades de ocio, ...)
- Concienciación/Sensibilización
- Acompañamento en actividades lúdicas/ocio
- Apoio educativo
- Apoio na área sociosanitaria (levantarse, piscina, ...)
- Acompañamento e/ou apoio co transporte adaptado
- Acompañamento na realización de xestións
- Apoio emocional
- Apoio social (traballar hábitos e actitudes)
- Tarefas de información
- Acompañamento/Apoio dentro do domicilio.
- Acompañamento e/ou apoio en actividades de inserción laboral

OBSERVACIÓNS:

ANEXO III

MODELO DE CERTIFICADO DE ACCIÓN VOLUNTARIA

D. _____, con D.N.I.
nº _____, como _____ de
la Asociación _____, con
domicilio social en _____,
con CIF nº _____, en nombre y representación de la misma,

CERTIFICA:

Qué D./Dña. _____, con NIF
nº _____ ha participado como voluntaria en el proyecto
de _____, que
la Asociación _____ desarrolla
en la ciudad de _____,
desde el _____ al _____.

Que en el mencionado proyecto ha realizado labores de
_____, con una
dedicación semanal de _____ horas. Valorándose
_____ su actividad en el mismo.

Lo que certifica a los efectos oportunos en _____ a _____
de _____ de _____.

Fdo. _____
(Cargo) _____